

Revistas dixitais para a promoción da lectura

- <http://revistabloc.es/> Revista de arte e literatura infantil. Versión dixital
- <http://www.cuatrogatos.org> Revista de Literatura infantil e xuvenil
- <http://www.docedeletra.com.br/> Revista brasileira
- <http://www.imaginaria.com.ar> Boletín Quincenal de Literatura Infantil y Juvenil (Arxentina)
- <http://www.pizcadedepapel.org> Revista de literatura infantil e xuvenil on line.
- <http://www.prazadasletras.org/> Versión dixital da revista editada pola Consellería de Cultura
- <http://www.revistababar.com> Revista dixital de literatura infantil e xuvenil
- <http://www.revistatexturas.com/blog> Revista dixital de literatura. Acceso a un directorio de blogues relacionados con libros

Bibliotecas virtuais

- <http://bvg.udc.es/index.jsp> Biblioteca virtual galega
- <http://www.bibliotecasvirtuales.com/> Bibliotecas virtuales
- <http://www.bivir.com/> Biblioteca virtual de literatura universal en galego
- <http://www.cervantesvirtual.com/index.shtml> Biblioteca virtual Miguel de Cervantes. Varias ligazóns interesantes
- <http://www.cervantesvirtual.com/portal/Platero/> Biblioteca Platero, de Literatura Infantil e Xuvenil
- <http://www.ebooket.net/> Libros dixitais
- <http://www.educarm.es/> Portal educativo Comunidad de Murcia. Sección Biblioteca virtual
- <http://www.icdlbooks.org> Acceso a textos de literatura infantil e xuvenil en inglés



MALETA DE LECTURA



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Dirección Xeral de
Centros e Recursos Humanos

Bibliotecas
escolares
de Galicia



*Un mestre que non le só pode comunicar o
seu propio baleiro.*

Emili Teixidor

MALETA DE LECTURA

Esta maleta está destinada a aqueles equipos docentes que están nun proceso de reflexión, formación ou toma de decisións en relación co proxecto Lector de Centro ou o Plan Anual de Lectura, organizados en grupos de traballo ou na dinámica propia do curso escolar.

Desde a implantación dos currículos LOE, os centros de primaria e secundaria teñen a obriga de desenvolver Proxectos Lectores de Centro, que articulen todas as intervencións destinadas a mellorar a comprensión lectora e os hábitos de lectura, de escritura e de habilidades no uso da información do alumnado. A lexislación vixente contempla, así mesmo, a necesaria implicación do profesorado de todas as áreas e materias na formación do alumnado nestes ámbitos, imprescindibles para a adquisición das competencias básicas recollidas nos currículos.

A incorporación plena das tecnoloxías da comunicación e da información ás prácticas sociais e educativas, producen cambios na forma de percibir e realizar o acto da lectura. A práctica continuada de lectura en medios electrónicos conleva novas formas de ler e de escribir. Estas mudanzas, que cómpre analizar e coñecer, esixen unha constante actualización do profesorado.

O contido desta maleta é só unha pequena mostra de textos que poden axudar á actualización de conceptos no ámbito da aprendizaxe da lectura e da escritura, as actividades máis eficaces para o fomento de hábitos de lectura e os criterios para a selección de textos idóneos aos novos lectores e lectoras.

A lectura non é só unha cuestión de pracer, senón unha necesidade para o coñecemento e a vida social. Se nos limitamos a dicir que a lectura é un pracer (que o é), equipáramolo a outros praceres da vida como saborear un bo viño, coleccionar selos, facer deporte, ver cine ou ir de compras. Pero ler é, antes ca un pracer polo que se pode optar ou non, unha necesidade para a que hai que formar. A capacidade e a práctica da lectura son fundamentais porque son a ferramenta para desenvolver a linguaxe, que á súa vez é o soporte da nosa intelixencia, e tamén da capacidade de expresámonos, e da convivencia e participación na sociedade.

José A. Gómez

OUTROS RECURSOS

- <http://bega-horadeler.blogspot.com/> **Blog de HORA DE LER, da Consellería de Educación**
- <http://lij-jg.blogspot.com> Literatura infantil e xuvenil actual
- <http://www.amigosdelibro.com> Asociación Española de Amigos del Libro Infantil y Juvenil
- <http://www.bancodellibro.org.ve/> Sección venezolana de IBBY (International Board on Books for Young People)
- <http://www.bienvenidosalafiesta.com> Diccionario de literatura infantil e xuvenil
- <http://www.casadaleitura.org> Portal de promoción da lectura, da Fundación Gubelkian. Portugal
- <http://www.cervantesvirtual.com/portal/Platero> Biblioteca virtual de LIX
- <http://www.culturagalega.org/bd/index.php> Banda deseñada galega. Consello da Cultura Galega
- <http://www.culturagalega.org/lq3/> Espazo web de literatura do Consello da Cultura Galega
- <http://www.educared.net/aprende/vivircuento/index.htm> Contos en castelán
- <http://www.epdlp.com> Textos de prosa poética
- <http://www.festivaldepoesiademedellin.org/pub.php/es/Intro/index.htm> Recitais poéticos en directo
- <http://www.filix.org> Portal de literatura infantil e xuvenil galega, coordinada por Manuel Figueiras.
- <http://www.fundaciongsr.es> Fundación Germán Sánchez Ruipérez
- <http://www.fundaciongsr.es/documentos/default3.htm> Documentos electrónicos lectura/ bibliotecas escolares
- <http://www.fundalectura.org.co/> LIX dende Colombia
- <http://www.galiciaencantada.com> Enciclopedia da fantasía popular galega, coordinada por Antonio Reigosa
- <http://www.galix.org> Gáliz: Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil
- <http://oblogdegalex.blogspot.com> O blog de Gáliz
- <http://www.historiadodia.pt/> Contos para cada día, en portugués, de António Torrado
- <http://www.juntadeandalucia.es/cultura/calettras/> Centro Andaluz para a promoción da lectura
- <http://www.leerescuchando.com> Relatos e poemas para descargar en formato mp3
- <http://www.libroadicto.com> Libros recomendados polos propios adolescentes.
- <http://www.oepi.org> Organización Española para el Libro Infantil y Juvenil
- <http://www.ourizoazul.org> Literatura infantil e xuvenil galega. Conbsellería de Cultura e Deporte
- <http://www.planonacionaldeleitura.gov.pt/> Portal do Plano Nacional de Leitura portugués
- <http://www.sol-e.com> Portal sobre LIX a cargo da Fundación GSR e con cargo ó Plan de Fomento da Lectura
- <http://www.uclm.es/cepli/> Universidad de Castilla-La Mancha- Centro de promoción da lectura.

RELACIÓN DE TÍTULOS DA MALETA

Autor	Titulo	Editorial
Argüelles, Juan Domingo	¿Qué leen los que no leen?	Paidós
Bryant, Peter y Bradley, Lynette	Problemas infantiles de lectura	Alianza Editorial
Cassany, Daniel	Taller de textos	Paidós
Cassany, Daniel	Tras las líneas	Anagrama
Chambers, Aidan	Dime	Fondo de cultura económica
Chambers, Aidan	El ambiente de la lectura	Fondo de cultura económica
Colomer, Teresa	La formación del lector literario	Fundación Germán Sánchez
Consello de Europa	Marco europeo común de referencia para as linguas	Ruipérez
Delahaie, Patricia	Cómo habitar la niño a leer	Xunta de Galicia
Equipo Peonza	Cien libros para un siglo	Medici
Goldín, Daniel	Los días y los libros	Anaya
Jover, Guadalupe	Un mundo por leer	Paidós
Lerner, Delia	Leer y escribir en la escuela: lo real, lo posible, lo necesario	Octaedro
Lomas, Carlos (coord)	Textos literarios y contextos escolares	Fondo de cultura económica
Machado, Ana María	Lectura, escuela y creación literaria	Graó
Marina, José Antonio	La magia de Leer	Anaya
Mata, Juan	10 ideas claves de animación a la lectura	Plaza y Janes
Monson, Dianne L. y McClenathan, DayAnn	Crear lectores activos	Graó
K.(Comp.)	El deseo de leer	Visor
Moreno, Víctor	Palabras por la lectura	Pamiela
Pérez Iglesias, Javier (Ed.)	Internet, la imprenta del siglo XXI	Junta de Castilla-La Mancha
Piscitelli, Alejandro	Animando a animar	Gedisa Editorial
Rodríguez Abad, Ernesto y Novell Iglesias, Elvira	Estrategias de lectura	Los libros de la cataráta
Solé, Isabel	La lectura y la vida	Graó
Teixidor, Emili	Lectura Pública.GRIAL 173	Ariel
VVAA		Galaxia

UNHA MALETA VIVA QUE VIAXA

- Esta maleta é só un inicio...
- Proponse aos centros para que a utilicen á súa maneira, en función dos seus obxectivos e ofrécese como un proxecto colaborativo, que se irá enriquecendo coas achegas de todas e todos.
- A maleta terá a súa sede no Centro de Formación e Recursos (Asesor/a de bibliotecas escolares). Esta persoa será a referencia para poder localizar a maleta e organizar o percorrido da mesma, en función das solicitudes.
- O centro interesado realizará a súa solicitude e deberá recoller e entregar a maleta, asumindo os custos se fose preciso.
- Antes de entregar a maleta, deberán revisar que están todos os materiais, así como o bo estado dos mesmos.
- No caderno da maleta poderán realizarse cantas suxestións se estimen oportunas (de contido, de funcionamento....)
- O tempo de uso da maleta non poderá superar un mes, e en calquera caso, acordarase co asesor ou asesora responsable no CFR, en función tamén da demanda.



Suxestións para o uso da Maleta de LECTURA

A presenza da Maleta de Lectura na biblioteca do centro pode servir para:

- Ampliar a oferta bibliográfica existente no centro arredor do tema da lectura e da escritura.
- Dar a coñecer a todo o profesorado do centro a autores e traballos que están a ter unha influencia decisiva na forma de percibir o proceso lector, e as necesidades formativas do alumnado na actual sociedade da información.
- Apoiar as actividades de formación en centros arredor desta temática: grupos de traballo, seminarios permanentes, proxectos de formación e asesoramento en centros.
- Expoñer o contido da maleta e propiciar a súa consulta.
- Sensibilizar a todo o profesorado sobre a necesidade de realizar lecturas profesionais de calidade, para unha mellora do ensino que se imparte e unha posta en valor de tempo dedicado ao traballo.
- Promover a lectura destes ou doutros textos profesionais e estimular o intercambio de opinións, títulos, autores, inquedanzas...
-